


## Manel Cráneo

A Coruña, 1973. Autor de bd premiado moitas veces. Dirixiu diversos fanzines a finais dos oitenta como *OVO* ou *Os Rústicos da Gadaña*. Colaborou en revistas como *Golfiño*, *Caña* ou actualmente *GPS*. Traballa na industria audiovisual e con axencias de deseño de todo o estado. Colaborou en producións cinematográficas como *Hotel Tivoli* ou *Mia Sarah*. É presidente da AGPI dende 2002. Seleccionado en Bratislava en 2005. Tamén é músico.



267

*Derradeira tarde en Morocco*






ELA MOVÍASE COA LIBERDADE DOS PAXAROS, CRUZANDO O AIRE QUENTE, ENVOLTA NOS AROMAS DAS ESPECIAS. BAIXO MIRADAS TRISTES E INTRIGANTES PERDIDAS NA PROFUNDIDADE DUN VEO. A INSPIRACIÓN EMANABA FORMA NAQUELA RAPAZA CUXA SINGULAR BELEZA CONTRASTABA COA MAXIA DO AMBIENTE.

NON ERA EXACTAMENTE AMOR O QUE EU SENTÍN MENTRES A SEGUÍA COA MIÑA MIRADA, SENTÍN UNHA GRAN HISTORIA. SENTÍNME TESTEMUÑA DUN RELATO PRECIOSO, O RELATO MÁIS MARABILLOSO ENDEXAMAI CONTADO, E ERA CONSCIENTE DE QUE TAN SÓ EU MESMO ERA SABEDOR. TODO ISTO ACONTECEU NA MIÑA DERRADEIRA TARDE EN MOROCCO.

MOMENTO QUE AÍNDA CIRCULA POLO SANGUE PROFANA QUE PERCORRE AS MIÑAS VEAS E NO QUE DESCLUBRÍN O MEU DESTINO...

...MISTURAR O REAL CÓ IMAXINARIO, VOAR NUN PAPIRO, NADAR EN DESERTOS DE FANTASÍA, CREAR ILUSIÓNS E SOBRE TODO UN OBYECTIVO, CONSEGUIR ACADAR A SUFICIENTE FORMACIÓN PARA ESCRIBIR ALGÚN DÍA AQUELA HISTORIA COA DIGNIDADE QUE MERECEA.





CANDO SAÍN DE MOROCCO EU TIÑA 15 ANOS E NAQUELA DERRADEIRA TARDE VIN O CEO MÁIS AZUL QUE NUNCA, E FUNDIRSE NEL A SILUETA DAQUELA RAPAZA QUE SEGÚN DESAPARECÍA ESPERTABA UN INSTINTO INNATO EN MÍN, UN INSTINTO QUE AÍNDA QUE EU NON SABÍA, ME LEVARÍA A COLLEITAR FORTUNA E ÉXITO.

TODO LLO DEBO A AQUELA DERRADEIRA TARDE EN MOROCCO.

DECIDÍN SER ESCRITOR E TER UN OBOJECTIVO. ESCRIBIR ALGÚN DÍA ESA HISTORIA INSPIRADA NAQUELA VIVENCIA PERO DA QUE CO PASO DOS ANOS TAN SÓ LEMBRARÍA OLORES, CORES E SON.

HOXE MORRO INQUEDO, CON CEN LIBROS ÁS MIÑAS COSTAS AGÁS AQUEL QUE FALABA DUNHA NENA QUE PASEABA POLAS RÚAS DE MAHOMA ESPIDA DE CORAZÓN...

...AGORA SEI QUE ENDEXAMAIS VOLTEI PORQUE A MIÑA ALMA FICOU ONDA ELA.

...PORQUE HAI LIBROS QUE NACEN PARA NON SER ESCRITOS.

